

Vigo, 14 de decembro de 2016

Tras a aprobación da relación de postos de traballo (RPT) do persoal funcionario de administración e servizos (PAS) polo Consello de Goberno o 10 de outubro de 2016, corresponde a esta Xerencia adoptar os trámites que dita aprobación implica.

Mantendo o talante negociador da fase previa de elaboración da RPT, a Xerencia reuniuse coa Xunta do PAS funcionario para negociar os *Criterios para a execución da relación de postos de traballo do PAS funcionario*, os días 18 de novembro e 2 de decembro de 2016, resultando imposible chegar a ningún acordo polo súa negativa expresa a negociar.

Ante esta situación, considerando a relevancia da información e seguindo principios de publicidade e transparencia, a Xerencia estima necesario facelos públicos, e difundilos, para coñecemento do conxunto dos funcionarios e funcionarias. Os criterios reúnen a dobre natureza de ser obxectivos e de ter carácter xeral. Estes criterios serán aplicados para executar a RPT, coa finalidade de garantir o bo funcionamento da administración universitaria e os dereitos do persoal en relación á localidade, quenda e destino, buscando reducir ao máximo posible, dentro do marco legal, a obriga de concursar.

A Xerencia manifesta, unha vez mais, a súa disposición á negociación coa representación do PAS funcionario, agardando que esta disposición sexa tamén a actitude que a Xunta do PAS funcionario manteña na negociación da funcionarización do persoal laboral, proceso que está xa iniciado.